

# POR UNHAS FESTAS EN IGUALDADE

- 1** As festas son para que as gocen todas as persoas, sé corresponsable nas tarefas familiares e colabora.
- 2** Facer chistes, bromas ou comentarios sexistas ou toleralos perpetúan o machismo, non sexas cómplice!
- 3** Nas festas non todo vale, insistir é acosar, acosar é agredir, NON é NON. Drogas e alcohol non son unha xustificación ante as agresións.
- 4** Adopta unha actitude activa ante as agresións sexistas e sexuais, se as presencias, non as permitas. Rexéitaas e denunciaas.
- 5** Non fomentes a hipersexualización das nenas e adolescentes e non xustifiques as actitudes machistas de adolescentes. Educa en igualdade.
- 6** Convive con dignidade e respecto ante as orientacións sexuais, identidades e expresións de xénero, respéctate, respéctao, respéctaa!
- 7** Se organizas unha festa, campamento, certame, etc. ten en conta as necesidades de conciliación das familias, revisa os contidos valorando a idade e procura non incidir en discriminacións.
- 8** Inclúe a linguaxe de xénero na túa comunicación, coida a selección musical que non sexa sexista e non empregues imaxes sexistas.
- 9** O xogo é ceibe e espontáneo, non existen xoguetes nin cores de nenos e nenas, non fomentes esta división, déixaos que elixan en liberdade.
- 10** Un bo xogo ou xoguete promove a cooperación, é seguro e adecuado segundo as idades, respecta as diferenzas, potencia os afectos e respecta o medioambiente.